

CAIAVENTOS



Revista Escolar do Ceip. "Saco e Arce" de Toén.
Abril de 2004

SUMARIO

PAXINAS VERDES

- 4** Poñéndonos as pilas
- 5** Árbores de Galicia
- 6** A fraga de Fragalúa
- 8** Problema do Lixo
- 9** A reciclaxe
- 10** Detectives verdes

ASÍ ERA ANTES

- 19** Miña avoa é doutora
- 20** Chuvia de bicos ós avós
- 22** Vai de lendas
- 41** Refráns para todo o ano

OBRADOIRO DAS LETRAS

- 25** A árbore das noticias
- 26** Coplas dos maios
- 28** Con que soñan os libros?
- 29** Ven ler!
- 30** Obradoiro de poesía
- 32** Eu son

AS NOSAS LETRAS

- 11** Xoaquín Lorenzo
- 12** O pan artesán de Xocas
- 13** Outras tarefas recollidas no libro dos oficios

CINE

- 23** Gústavos o cine?



SOA A MÚSICA

- 38** Hoxe... concerto
- 39** Xa chegan os instrumentos
- 40** Soa a natureza



O MUNDO QUE NOS QUEREMOS

- 10** Urxente
- 14** A carpintería
- 15** Todos iguais
- 16** O neno mago
- 18** Carta a Copito
- 25** Un país en singular

COA MOCHILA Ó LOMBO

- 24** Sobre rodas
- 24** Buscando a Xistrús

CON MOITA ILUSIÓN

- 33** Festas no cole
- 34** A castaña que chegou a árbore
- 35** Como conseguir un título
- 36** 1º Mercadiño de troco de libros
- 37** Entre nós en galego

ZAMPATEMPOS

- 41** Zampatempos

A FADA DE FRAGALÚA


NO BOSQUE DOS CARBALLOS XIGANTES, ONDE O MUNDO SE CHAMA FRAGALÚA



MORABA UNHA FADA QUE NON SABÍA VOAR E O RESTO DOS HABITANTES DO LUGAR, MOFÁBANSE DELA



A FADA CHORABA POLO DÍA E TAMÉN POLA NOITE



UN DÍA DEITOUSE A DURMIR DEBAIXO DUN CARBALLO



E CANDO ESPERTOU DECATOUSE DE QUE UN ABRIGO DE MUSGO CUBRÍA O SEU CORPO



Ó ERGERSE, NOTOU QUE AS SÚAS PERNAS MEDRABAN E MEDRABAN...




TANTO QUE COAS MANS PODÍA CHEGARLLE ÁS PÓLAS MÁIS ALTAS DOS CARBALLOS XIGANTES



¡¡¡AAAGAAAGAAA!!!
¡XA NON PRECISO VOAR!!
¡TEÑO O MUNDO BAIXO OS MEUS PÉS!!!



A XENTE Ó VER QUE A FADA SE CONVERTERA NUNHA XIGANTA... COLLEULLE MEDO



PERO A FADA DE FRAGALÚA CITOUNOS A TODOS NO PENEDO DA LAXE E PROPÚXOLLES UN TRATO:



" SE ME BUSCADES UN NOME QUE ME COMPRAZA, EU NON VOS FAREI DANO ALGÚN "



OS HABITANTES DO POBO, DÍA E NOITE, DELIBERARON ENTRE ELES E FORON PROPONDO MULTITUDE DE NOMES



PERO Á FADA DE FRAGALÚA NON LLE GUSTABA NINGÚN...



UN DÍA, XA CANSOS, DECIDIRON REUNIR EN ASEMBLEA A TÓDOLOS ANIMAIS DA FRAGA, PARA QUE ELES ESCOLLERAN O NOME AXEITADO



A SERPE PROPUXO:



O CASTOR PROPUXO:



A FORMIGA PROPUXO:



O BUFO PROPUXO:



ERGEUSE A O BUFO E CON VOZ DECIDIDA CANTOU:



A FADA DE FRAGALÚA...Ó PRONUNCIAR O SEU NOME CONVERTEUSE NUNHA FERMOUSA FADA



E DENDE ENTÓN A FRAGA E OS SEUS HABITANTES CONVIVIRON EN PAZ E HARMONÍA POR MOITO TEMPO...



FIN

Clase de 2º Ciclo

O problema do lixo no Concello :

Entrevistamos ó Sr. Alcalde

O día 28 de abril os **Detectives verdes** fomos até o **Concello** a facerlle unha entrevista ó **Sr. Alcalde**, que nos recibiu moi amablemente e respondeu a todas as nosas preguntas:

¿Cómo está organizado no concello a recollida de lixo?

Hai contedores repartidos por todos os pobos do Concello. Onde hai poucas casas, poñemos colectores pequenos e onde hai un maior número de veciños, poñemos colectores máis grandes. Hai colectores para os residuos orgánicos(a basura normal) e tamén para recoller o plástico, o papel e o vidro. Así, a xente vaise acostumando a separar os diferentes tipos de lixo para poder reciclar. Recoller o lixo costa moitos cartos porque hai que transportalo moi lonxe. Lévese para a Coruña, a SOGAMA, que está en Cerceda,. Para que vos fagades unha idea, este ano o Concello ten que pagar 60.000€.. Co vidro temos un acordo cunha empresa de Celanova, non nos costa nada e no tema do papel estamos negociando cunha empresa que o leva para Porriño para que incluso nos pague algo. Este concello foi o primeiro dos concellos rurais que puxo en práctica a recollida selectiva de lixo aló polo ano 1987.

Hai contedores de lixo, de plástico de papel e vidro en todos os pobos?

Prácticamente en todos os pobos.

É moi importante dicirle á xente que non bote escombros nos colectores. Isto encarece moito. Cada metro cúbico custa 44€ Hai que tratar de buscar outro sitio. Imos facer unha campaña de información integral con carteis...

Cree vostede que os pobos están limpos?

Sempre poderían estar mellor pero, si, creo que están bastante limpos

Cada cantos días se recolle o lixo e a onde se leva?

Recóllese 3 veces á semana, luns, mércores e venres; no verán incluso máis veces e lévese a Mancomunidade do Ribeiro e de ali lévese ata SOGAMA.

No referente ó lixo nos montes ¿Cre vostede que a xente colabora en mantelos limpos?

Ahí si que hai que pórle unha mala nota. A xente tira cousas que non lle serven nas cunetas : plásticos, bolsas ... Non colaboran moito

Nos recollemos neveiras, chatarra, colchóns e madeiras . Hai que decirle á xente que os montes teñen que estar limpos.

Ahí é onde está centrado o noso traballo. Levamos saído por ahí e dámonos conta que en moitos sitios hai coches vellos, baterías, lavadoras, televisións... Estamos pensando en facer carteis...



Ás veces os que botan os coches vellos non son os veciños de Toén, senón doutros sitios. Normalmente os veciños avisan e pasamos a recollelo para levalo a unha fábrica que hai en San Ciprián. Tamén tratamos de recoller a madeira.

Existe algún lugar no Concello a onde se poidan levar este tipo de residuos sólidos(mobles, electrodomésticos...)

Hai unha nave nova onde almacenamos todos estes obxectos. Os coches hai que levalos a un sitio de desguaces.

Hai algún nº de teléfono para que chame a xente.?

A xente ten que chamar o teléfono do Concello 988 261074, e pasamos a recoller este tipo de obxectos.

Que faría o Concello para que os pobos e os montes estiveran mais limpos?

No mes de xuño imos poñer unhas brigadas para limpar as cunetas. Os montes privados téñenos que limpar os propietarios ,pero custa moitos cartos e hai xente que non pode, Tamén hai montes en man común que son propiedade dos veciños e limpanos eles e plántanos e replántanos de acordo coa Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia

Comprométese a facer todo o que estea nas súas mans para facer do Concello un lugar máis limpo?

Sí, e de feito levámolo facendo hai moitos anos e seguiremos mellorando. Temos varios puntos acondicionados (en Trellerma e en Toén) para que a xente poida ir vertendo...pero todo isto vai depender do tema económico. Si hai cartos pódense facer moitas cousas, pero si non os hai....

Moitas gracias pola súa colaboración.

CONCURSO CALENDARIOS 2004 “A RECICLAXE”

O concello organizou un concurso encadrado na campaña de sensibilización cara a separación do lixo. Fixemos uns debuxos e uns lemas para facer uns calendarios. Repartímosllos ós nosos pais, familiares e amigos.



O concello mandoulle un calendario a cada veciño xunto coa felicitación de nadal.




Participamos todos os nenos do colexio.

Encantounos ver os nosos debuxos nos calendarios. Quedaron moi vistosos!




Lemas:
Reciclar é doado, faino con agrado.
A reciclaxe: unha viaxe cara o futuro
Reciclar é un bo camiño para non contaminar.



Esperamos que estas mensaxes sirvan para facer un mundo mais limpo





Xoaquín Lorenzo

“Xocas”

Por Macarena Pérez, 6º curso

Don Xoaquín Lorenzo Fernández, “Xocas” naceu na cidade de Ourense, o 23 de xuño de 1907. Estudiu bacharelato no Instituto de Ourense. Mais tarde Filosofía e Letras nas Universidades de Santiago e Zaragoza.

Desde moi novo dedicouse á investigación, principalmente do folclore e da etnografía de Galicia, campo no que brillou con luz propia. Percorre Galicia recollendo información, melodías, realizando escavacións, etc.

Mais tarde empezou coa poesía, mentres colaboraba con distintas revistas.

As súas facetas mais destacadas son: pedagogo, investigador, especialista en etnografía, publicista, debuxante e músico, conferenciante e político.

Foi Membro da Real Academia Galega e Fundador do Museo do Pobo Galego.

Exerceu de mestre ate a súa xubilación. Tres amores sementaba na alma adolescente dos seus discípulos:

1. Amor a Galicia
2. Amor á súa lingua
3. Amor á súa cultura.

Algunhas das suas obras son: “A casa”, “A terra”, “O mar e os ríos”, “Os oficios”.

As poesías que mais me gustan:

A SANTA LUCÍA

Señora Santa Lucía,
Ábreme a porta, que Chove,
Que a mandila éme pequena
I o avantal non me cobre.
Señora Santa Lucía
Feita de pan de amieiro
Dáimelle vista ós meus ollos
Que non custa diñeiro
Señora Santa Lucía
Dámelle vista ós meus ollos;
Como son raparigiño
Non podó tragner anteollos.
A túa nai e a miña
Foron á Santa Lucía,
A túa era lapona,
Comeulle a merenda a miña.

COPLIÑAS DOS CURAS

Ó cura de Baño
Olliños de perdigón
Cando vai decila misa
Sempre lle cai o calzón.
O cura de Vilariño
Ten a camisa cágada
E en cambio o de Velle
Tena lavada e planchada.



O PAN ARTESÁN DE “XOCAS”


Somos alumnos de primeiro e segundo queremos presentarvos a Xocas.

Este ano adicaselle o Día das Letras Galegas.

Xoaquín Lorenzo, Xocas, levou moito traballo percorrendo os pobos de Galicia e anotando o que facía a xente.

Resulta que Xocas, o noso veciño de Ourense, escribiu un libro que se titula “OS OFICIOS”.

Un oficio dos que escribiu Xocas foi o dos panadeiros e como se fai o pan.




- Estivemos a facer pan na escola e os pasos foron:
- Mezclar a farinha coa auga salgada e quente e o fermento.
 - Amasar ben e deixar levedar, cuberto cun pano.
 - Darlle forma e metelo ó forno.


Marta ALEN e
Andrea Ibarra Pardo

OUTRAS TAREFAS RECOLLIDAS NO LIBRO DOS OFICIOS.

No Taller do carpinteiro non pode faltar o banco, o serrón e a machada.



O canteiro é un home hábil que recibe a pedra e "búscaelle o ser". Desbasta a pedra co punteiro e a maceta.




As leiteiras levan á cidade o leite das súas vacas e o sobrante dos veciños. Miden con medidas até encher as latas.



O sacristán ten unha chave da igrexa. É o encargado de barvela e fregala. Toca a mira e acompaña o abade.

Jessica Arca. 1º curso



¿ TODOS IGUAIS ?


¿ QUÉ ARRIBO !




Educación infantil con todo ó descuberto




MIGUEL




RAIDA




MARXA



ANDRÉ




NICOLE



XIMENA



MELANIE




DANI




MIKEL



MARIA



MARTIN



AVIAVE

Vai de lendas

Neste mundo imaxinario dos habitantes de Galiza, irás descubrindo a unha xente moi especial que habita nos castros, nas fontes, nas covas e pozos, na néboa e no vento....Pódese dicir que comparten o noso mundo, só que para velos hai que **saber mirar**...e iso, hoxe en día, está un pouco esquecido....pero se pos empeño, seguro que o conseguirás,


Xa sabedes que as lendas son historias transmitidas oralmente e forman parte do saber tradicional do pobo.... Gustaríache coñecer algunha? Le e divírtete.

AS FORMIGAS CABALARIAS

Dise que nunha montaña moi alta, que está preto de Alongos, fai moitos anos existía un pobo. Contas as lendas que os seus habitantes tiveron que abandonar o pobo por causa dunha praga de formigas. Daquela vella lenda, só queda unha grande pedra con forma de porta, onde hai debuxadas unha man, un peite e unha chave.

A xente mais vella do meu pobo conta que todas as noites de San Xoán, ábrese a porta e ... se entras, as formigas atácanse e nunca mais podes saír da pedra maldita.

Adrián González. 5º curso



◉ ARCO DA VELLA

Un arco da vella pode aparecer no ceo cando Chove e o sol brilla entre dúas nubes.

Moitas lendas falan del!

Unha lenda conta que o extremo do arco da vella indica onde uns ananos gardan un tesouro fabuloso.

Ninguén o puido descubrir porque cando nos achegamos, o arco da vella cambia de lugar ou desaparece.

Marta Araújo. 3º curso.

POZO MAIMÓN

O pozo Maimón é un pozo do Miño, preto do meu pobo, Freixendo.

Conta a lenda que neste pozo afogaron ó bispo de Ourense, Francisco Alfonso. Os Romeiros que van e veñen dos Milagres ou do Corpus, ó chegar ó pozo berran:

- Morreu o bispo!

E do pozo sae unha voz que di:

- Morreuuuu!

Non se sabe de certo se responde a alma do bispo ou a dos que o mataron, aínda que hai quen asegura que é a voz do demo.

O pozo Maimón é un pozo negro, fondo e perigoso do río. Dise que son entradas do inferno, que o demo usa como trampa para facer caer nelas a todo o que se aproxime.

Noel Álvarez. 4º curso



EU SON...

Chámome Pablo e vivo en Moreiras. Os meus avós sempre están comigo e cos meus curmáns. Lévannos ó monte e ensínannos como eran os tempos de antes.

Estudio no colexio de Toén, somos como unha gran familia.

Miña irmá, é a miña referencia, chámase María, traballa na TVG. Encántame estar con ela.

Marta 3º curso




Hola chamome Marta teño 8 anos vivo en Moreiras. Estudio no colexio Saco e Arce e estou moi contenta, teño moitas amigas. De maior quero ser profe.

Hola chámome Estefanía, teño 9 anos. Vivo cos meus pais e co meu irmán nas Airas. Xogo cos meus amigos ó fútbol, á corda, ás agachadas, etc.

A miña casa é bonita, cunha terraza pequena, un patio grande e unha horta cun galiñeiro.

De maior quero ser médica, aínda que non sei se o conseguirei.

Chámome Aitor, teño 10 anos e vivo en Moreiras. Vou ó cole sempre en autobús. No cole xogamos ó fútbol, este ano gañamos a copa do Deporte Escolar. De maior quero ser policía.



Chámome Brais teño 8 anos, vivo en Moreiras. Son rubio e baixiño. Vivo cos meus pais e o meu irman . Meu pai ten o taller na casa e miña nai traballa fóra.




Chámome Noel teño 10 anos din que son pequeno para a miña idade pero ten as súas ventaxas. Vivo en Freixendo, non hai moitos amigos pero collo a bici e vou o pobo do lado. Somos 5 na casa, levámolo ben. De maior quero ser arquitecto, caricaturista ou humorista porque son algo pallasete.

Hola chámome Yurudith, vivo en Freixendo. O meu pobo ten unhas vistas fermosas. Hai poucos nenos, e os que hai, non son da miña idade. Teño unha cadela, chámase Kati e xogo con ela á pelota, ó pau, etc.

Toco na Banda de Música de Alongos e tamén na casa para animar un pouco.

Chámome Andrés, vivo en Alongos e vou ó colexio de Toén. Na casa todos din que son alto.

Teño moitos amigos e ás veces veñen á miña casa. Miña nai vai ter unha nena, chamarase María.



FESTAS NO COLE



Miriam

Celebramos o **magosto** o día 10 de novembro, saímos do colexio pola mañá e chegamos á San Xoán en Gradeira. Primeiro fixemos unha fogata, mentras comemos bocatas de chourizo, tortilla e bebemos refrescos de cocacola, fanta e auga. Por suposto non faltaron castañas asadas.

Cando acabamos de comer empezamos a xogar a morder a mazá colgada, á corda, ó pilla, saltamos a fogueira e pintamos as caras con tizóns.

Xa case era a hora de voltar para o cole e comezou a chover. As profesoras e a cociñeira foron buscar os coches para levarnos. Eu fun con Ana, iamos un pouco espachurrados.

Para poder montar nos autobuses tivemos que lavar a cara, nós queriamos voltar así para a casa, pero non puido ser. A pesar deso, Pasámolo Xenial.

No **entroido** disfrazámonos cos traxes típicos de Mugares os rapaces de labardeiros e as mozas de señoritas. Os traxes fixéronnos na casa e no cole, pero todos os adornos puxémosllos nós. Foi moi traballoso, pero quedaron vistosos. O día 20 pola mañá fomos até Toén paseando todos os rapaces da escola. Ó chegar déronnos caramelos no super, globos no banco, etc. Logo voltamos hacia o colexio, tivemos un pouco de recreo e comemos cocido e orellas, pratos típicos do entroido do lugar.

Xa pola tarde tiñamos preparada unha festa de disfraces, con refrescos, golosinas e por suposto música e baile, a que tamén asistiron moitos pais, nais e irmáns pequenos.

Pasámolo moi ben, espero que para o ano que ven, sexa igual de divertido.

¡¡ATÉ O ANO QUE VEN!!

Miriam Morales. 5º



Miriam

O día 30 de xaneiro celebramos o día da paz.

Organizáronse os actos seguintes: recitado de poesías sobre a paz, fixemos un mural todos xuntos poñendo as pegadas das nosas mans nun cartel co lema “Está nas túas mans” e cantamos unha canción ensaiada na clase de música, titulada “Que canten os nenos”.

A continuación saímos ó patio e participamos en xogos cooperativos con música.

Manuel Calviño. 6º curso



A castaña que chegou a árbore

PERO NON TODAS CHEGAMOS A SER ÁRBORES...



UNHAS SOMOS ALIMENTO DOS COELLOS, XABARINS, RATOS ...




OUTRAS, COMENNOS OS HUMANOS... ¡QUE MEDO! BOTANNOS EN AUGA A FERVER E OUTRAS VECES NAS BRASAS




NON SENTIMOS DOR... O PEDR É QUE TEMOS UNHA VIDA CURTA



PERO OS HUMANOS GOZAN CONNOSCO, E MESMO NOS FAN UNHA FESTA... O MAGOSTO!



SI LENCIO... AI VEN ALGUÉN. SON DOUS HUMANOS QUE COMENTAN:



HAI QUE PRANTAR CASTIÑEIROS


O MELHOR É PRANTAR A CASTAÑA DO MEDIO DO OURIZO



FIN

Marta Araújo. Terceiro Curso

Deporte escolar 03/04.



Mod 4º

Como conseguir un título

Neste curso, no deporte escolar, participamos en fútbol sala e en campo a través. Para participar no campo a través tivemos que desprazarnos a Mugueimes (Muíños) na área recreativa, un lugar moi bonito a beira do salto das Conchas.

Este ano a bonxitude que tiñamos que percorrer no circuito foi un pouco máis longa que a do ano pasado. Na categoría Benxamin, Marta e Andrés quedaron de segunda e na categoría infantil Aitor quedou de 2º e Estefanía de 4º.

En fútbol sala o equipo dos Benxamins xogamos 7 partidos e gañamos os 7.


A final contra Padrenda foi moi dura, pois fomos o descanso con empate a dous tantos. O resultado final foi de 2-5. Fixemos un partidazo a copa foi para nós.

¡ Aitor quedou como máximo goleador cunha chea de goles..!

Queremos agradecerlles ós da Merca a súa invitación a Xantar
GRACIAS

Aitor Martínez e David Da Costa.

1º MERCADIÑO DE TROCO DE LIBROS



Trouxemos libros a escola e montamos un mercadinho para compartir libros cos compañeiros.
Pola tarde saímos o patio, colgamos globos e debuxos das portadas dos libros e cada un leu un poema.
Collemos un libro na mesa.

O día 23 de abril foi o día do libro . Toda esa semana estivemos traendo libros para intercambiar. E... chegou a hora. Primeiro empezamos lendo a pasaxe do libro que mais nos gustara. Os de 5º e 6º arrancamos cunha obra de teatro feita por Pablo e por min. Despois cada un leu a súa pasaxe de libros. Todos aplaudimos a todos . Sali fíxonos fotos mentres líamos e nos nosos postos de “mercadinho de libros”, que colocamos anteriormente. Despois comezou o troco de libros. Collíamos os libros no posto e levábalos ó lugar onde Mila e Carmen apuntaban os prestamos. ¡Foi XENIAL! Eu penso que esto debe repetirse.

Macarena 6º



hoxe... CONCERTO!

No primeiro trimestre viñeron ó cole un cuarteto de mozos para deleitarnos cun concerto didáctico, os instrumentos que tocaban eran: a guitarra, o saxofón, a trompeta e a batería.

Primeiro interpretaron individualmente melodías coñecidas, a continuación describían o seu instrumento, as súas partes, cómo había que tocar. Despois todos xuntos tocaron moitas cancións populares e coñecidas como “Es una lata el trabajar”, “Bie, Bie”

“A panteira rosa”... Foi divertidísimo. Cando pediron voluntarios moitos de nós subimos ó escenario, para facer os coros, bailar e mesmo para tocar os instrumentos. A batería foi o instrumento mais solicitado, fixemos cola para poder tocar un pouco. Aprendemos á vez que disfrutamos do concerto. Pablo Sabucedo. 6º Curso.



COÑECES INSTRUMENTOS? COMPRÓBAO RESOLVENDO ESTE ACRÓSTICO.


COLOCA OS NOMES DOS INSTRUMENTOS ATENDENDO ÁS DESCRICIÓNS
ADXUNTAS

- 1.- C _ _ _ _ _
- 2.- _ O _ _ _
- 3.- _ _ _ _ _ N
- 4.- C _ _ _ _
- 5.- _ _ _ E _ _ _
- 6.- _ _ _ _ _ R _ _
- 7.- _ _ _ T _ _
- 8.- _ _ O _ _ _ _ _

- 1.- Instrumento de láminas de metal. É o de menor tamaño e por o tanto o mais agudo da familia.
- 2.- Instrumento de percusión-pel, de gran tamaño e cunha altura grave.
- 3.- Instrumento de vento-madeira, creado por Adolphe Sax. Utilízase en orquestras, bandas e no Jazz.
- 4.- Instrumento de percusión-pel, con altura mais aguda da súa familia. Chamado tamén tambor.
- 5.- Instrumento de percusión formado por caixa, bombo e pratos.
- 6.- Instrumento de corda punteada. Está formado por unha caixa de resonancia e un mastro. Consta de seis cordas.
- 7.- Instrumento de percusión-metal, formado por unha ou dúas pezas circulares de metal.
- 8.- Instrumento mais agudo da familia de vento-metal. E timbre brillante

ZAMPATEMPOS

AGUDEZA VISUAL



Que camiño deberá seguir o canteiro para atopar a maceta e o punteiro.

O INTRUSO

Nestes datos da biografía de Xocas, hai dous intrusos. Localízaos

NACEU EN VIGO

FOI FERIDO DE GUERRA

ERA UN BO DEBUXANTE

ADÍCASE Á AGRICULTURA

IMPARTE CLASES NO INSTITUTO

PERCORRE GALICIA NA SÚA INTERESE POR INVESTIGAR

ANAGRAMA

A X C
O S

Personaxe a quen se lle adican as Letras Galegas, neste ano.





XEROGLÍFICO

Profesión que exerce Xoaquín Lorenzo até a xubilación.



ATOPA NESTA SOPA DE LETRAS OITO OFICIOS DO CONCELLO

C	A	N	T	E	I	R	O	O	G
O	M	U	I	Ñ	E	I	R	O	D
R	Q	O	E	D	R	R	P	Q	O
I	W	R	I	O	O	O	L	R	S
E	E	I	R	C	N	K	M	A	L
L	R	E	O	A	X	E	P	D	E
A	F	D	P	N	U	L	A	B	N
N	T	A	F	Q	A	Ñ	I	R	A
R	U	N	R	Z	X	F	T	X	B
O	M	A	R	I	E	T	I	E	L
X	B	P	A	S	D	F	V	C	A



¡MIMAMOS A TERRA!

Juan Calviño